

**ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020**

**EEI DE TRABA
2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL**



ÍNDICE	Pág.
1. XUSTIFICACIÓN	2
2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES	3
3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	9
4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE	10
5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	11



1. XUSTIFICACIÓN

Como indican as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, durante o terceiro trimestre os centros docentes continuarán coa atención educativa ao alumnado, desenvolvendo actividades que lles permitan aos alumnos e alumnas manterse incorporados á aprendizaxe continua e suscitar o seu interese por aprender, de modo non presencial ou, de ser o caso, presencial, en función das recomendacións que diten as autoridades sanitarias. Ditas actividades estarán adaptadas á idade e características do alumnado, así como á situación excepcional que están a vivir.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado. Na medida do posible deseñaranse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.

Por este motivo e no caso do noso centro, faise necesaria unha adaptación da programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao 2º ciclo de Educación Infantil.



2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

O 2º ciclo de Educación Infantil está regulado pola **Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación** (modificada parcialmente pola LOMCE) e o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Axustándonos a esta lexislación vixente, nós non recolleemos Estándares de Aprendizaxe como se prescriben para outras etapas educativas, senón que establecemos Criterios de Avaliación.

No noso caso os **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** quedan adaptados como se indica a continuación:

❖ 4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

➤ Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Sinala as partes principais do seu corpo.
Globalmente móvese con axilidade.
É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio.
É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia ante determinadas situacións.
Gústalle facer encargos e ter responsabilidades.
É quen de solicitar axuda cando a precisa
Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos das demais persoas.
Presenta unha boa motricidade fina.
Recolle e coloca os obxectos habituais da clase.
Coñece e respecta as normas da escola.
Entende as consignas e séguelas.
É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.
Participa e colabora nas actividades de grupo.
Ten interese por manter un aspecto limpo e aseado
Gústalle que o material de traballo estea no seu sitio

➤ Área de coñecemento do contorno

Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
Identifica as propiedades dos obxectos empregando os sentidos.
Clasifica os obxectos atendendo a algún criterio.



Asocia algúns números coas cantidades que representan.
Explora lúdicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais.
Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano).
É consciente da constante repetición dalgúns feitos.
Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.
Ten curiosidade por todo o que o rodea.
É respectuoso/a co medio no que vive.
Conta cousas das súas experiencias familiares.
Coñece as rutinas da aula.
Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula.
Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras.
Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade.

➤ **Área de linguaxes: comunicación e representación**

Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.
Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.
Participa activamente nas conversas da aula.
É quen de solicitar axuda verbalmente cando a precisa.
Usa frases de construción sinxela.
Comprende instrucións sinxelas.
Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno.
Respecta e coida a biblioteca da aula.
Gústalle mirar e "ler" libros autonomamente.
Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
Traballa con interese con calquera tipo de material.
Participa con interese en actividades expresivas musicais.
Expresa emocións con xestos e expresións.
Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

❖ **5º DE EDUCACIÓN INFANTIL**

➤ **Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal**

Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.
Logra un esbozo da figura humana diferenciando: cabeza, corpo, brazos, mans, pernas, pes.
Ten unha boa coordinación de movementos.
É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio.



Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais.
Gústalle facer encargos e ter responsabilidades.
É quen de solicitar axuda cando a precisa.
Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos das demais persoas.
É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras/os, cando o xogo o require.
Presenta unha boa motricidade fina.
Coñece e respecta as normas da escola.
É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.
Participa e colabora nas actividades de grupo.
Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario.
É autónomo/a no coidado de si mesmo/a.
Gústalle que o material de traballo estea no seu sitio.

➤ **Área de coñecemento do contorno**

Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
Sabe describir algún atributo dun obxecto.
Clasifica os obxectos atendendo a algún criterio.
Asocia algúns números coas cantidades que representan.
Coñece a serie numérica.
Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.
Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
Ordena as accións máis relevantes do día.
Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano).
Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.
Ten curiosidade por todo o que o rodea.
É respectuoso/a co medio no que vive.
Conta cousas das súas experiencias familiares.
Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.
Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula.
Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno.

➤ **Área de linguaxes: comunicación e representación**

Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.
Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.
Exprésase con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
É preciso nas súas explicacións.
Exprésase con frases correctas e terminadas.
Comprende as explicacións que se dan na clase.



Solicita que lle lean para obter información.
Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos.
Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros.
Respecta e coida a biblioteca da aula.
Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
Traballa con interese con calquera tipo de material.
Participa con interese en actividades expresivas musicais.
Expresa emocións con xestos e expresións.
Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

❖ 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL

➤ Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal

Nomea as partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas.
Chega á representación completa do esquema corporal.
Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.
É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio.
Ten autonomía na satisfacción das necesidades básicas: alimentación, hixiene e coidado do contorno.
Gústalle facer encargos e ter responsabilidades.
Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos das demais persoas.
É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras/os, cando o xogo o require.
Presenta unha boa motricidade fina.
Coñece e respecta as normas da escola.
Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación nas actividades cotiás.
É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.
Participa e colabora nas actividades de grupo.
Ao rematar unha actividade individual, ordena o material.
Ao rematar unha actividade de pequeno grupo, colabora para ordenar o material.

➤ Área de coñecemento do contorno

Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo



Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias...)
Conta de forma ordenada e dando un cardinal final que representa a cantidade de obxectos dada.
Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, triángulo, círculo (lados, forma...).
Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa.
Capta a periodicidade dos sucesos e situacións asociadas á súa actividade.
Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano).
Ten curiosidade por todo o que o rodea.
É respectuoso/a co medio no que vive.
Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula.
Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula.
Ten capacidade para propoñer e organizar xogos.
Busca a relación coa persoa docente para: contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos.
Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións.

➤ **Área de linguaxes: comunicación e representación**

Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.
Participa activamente nas conversas da aula.
Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.
Exprésase con frases correctas e terminadas.
Ten unha linguaxe fluída.
Comprende as explicacións que se dan na clase.
Solicita que lle lean para obter información.
Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos.
Asocia producións escritas con significados.
Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.
Participa con interese en actividades expresivas plásticas.
Traballa con interese con calquera tipo de material.
Participa con interese en actividades expresivas musicais.
Expresa emocións con xestos e expresións.
Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.



No que respecta ás **COMPETENCIAS** imprescindibles, recordemos que tanto a **LOE** como o **Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da E.I. na Comunidade Autónoma de Galicia**, establecen oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

A inclusión destas competencias básicas nesta programación posúe principalmente tres finalidades:

- Integrar os distintos aprendizaxes, tanto os formais, incorporados ás distintas áreas ou materias, como os non formais.
- Permitir a todos os nenos/as integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e empregalas de xeito efectivo cando lle resulten necesarias en distintas situacións e contextos da súa vida, é dicir, que sexan funcionais e preparamos así, dende cativos/as para un mundo cambiante, relacionándonos deste xeito coa aprendizaxe significativa.
- Orientar o ensino ao permitir identificar os contidos e criterios de avaliación que posúen un carácter imprescindible e en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino-aprendizaxe.



3. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, a avaliación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020 considerará en conxunto as avaliacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.

Faise un seguimento e valoración da realización das actividades propostas e da actitude (interese, participación...), pero tendo sempre moi en conta as circunstancias persoais e as posibilidades de cada familia.

O sistema de comunicación co meu alumnado é sempre a través das familias, neste caso as canles son:

- Grupo de difusión de Whatsapp
- Correo electrónico
- Webex

A través destas mesmas canles as familias fanme chegar fotos ou vídeos das tarefas que están a desenvolver os nenos e nenas nas súas casas.



4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

Semanalmente realizo envíos ás familias a través do correo electrónico con novos materiais para que desenvolvan diversas actividades durante o tempo que están confinados na casa.

Ademais o Concello de Laxe facilita un servizo de entrega de materiais impresos para as familias que o solicitaron. Deste xeito eu envío os materiais para imprimir e o persoal do Concello se encarga de repartilos polos domicilios dos nenos/as.

Por outra banda, puntualmente envío outro tipo de recomendacións, actividades ou xogos para realizar en familia.

Por outra banda, as escolas unitarias do concello de Vimianzo (Carnés, Castromil e Carantoña), Traba e Camelle durante todo o curso estivemos a colaborar conxuntamente en diferentes actividades, propostas, conmemoracións, etc. Esta colaboración plásmase neste momento nun “viveiro de recursos” que estamos recompilando entre os 5 titores/as e a 2 especialistas de Lingua inglesa. É un Drive dinámico no sentido de que estamos continuamente enriquecéndoo con novas propostas:

<https://drive.google.com/drive/u/0/folders/1CQtBfMDtdcPY60I3JoG1qS3r4IXs9XAB>

Periódicamente todo o profesorado da 5 escolas mantemos reunións de planificación e posta en común de ideas a través de Webex.

Cada titor/a envía ás familias as propostas de actividade que lle resulten máis axeitadas para o seu alumnado. Así como o seguinte enlace de Google site, onde imos recompilando recursos que poden empregar as familias:

<https://sites.google.com/view/unitariasvimianzotrabacamelle/p%C3%A1gina-principal>

As actividades de recuperación, repaso, reforzo e ampliación propostas abarcan os seguintes ámbitos:

- ✓ Grafomotricidade.
- ✓ Lóxico-matemática.



- ✓ Lecto-escritura.
- ✓ Experimentos con materiais que podemos atopar nas casas (ciencia en casa).
- ✓ Fomento da creatividade (manualidades, debuxos, etc.)
- ✓ Psicomotricidade (ioga para nenos, circuítos divertidos, etc.).
- ✓ Actividades musicais (cancións, audicións, etc.). Nestas actividades tamén se lles propoñen as que por Streaming están a desenvolver estes días artistas como: Paco Nogueiras, Uxía Lambona e a banda Molona....
- ✓ Retos divertidos que inclúen xogos de habilidades, inventos, traballo de fomento da ecoloxía, etc.
- ✓ Educación emocional.
- ✓ Actividades relacionadas coas conmemoracións recollidas na Orde pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20.
- ✓ Proxecto de investigación sobre “O Universo” (inclúe actividades de todos os ámbitos anteriores).
- ✓ Apps e enlaces a páxinas web didácticas.

5. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Esta adaptación da programación didáctica estará no centro a disposición de toda a comunidade educativa e tamén será enviada por correo electrónico ás familias do alumnado.

Ademais estamos poñendo en marcha a páxina web do centro e próximamente tamén será publicada na mesma.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiptraba/>